

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Orde do 5 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula a composición e o funcionamento do Comité Asesor de Habitabilidade.*

Publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 71, do 14 de abril de 2008, a Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula a composición e o funcionamento do Comité Asesor de Habitabilidade, modificada pola Orde do 27 de xuño de 2008 (DOG nº 136, do 15 de xullo) estímase a conveniencia de modificar a súa composición, polo que procede modificar os artigos 7 e 8 da devandita orde.

Tendo en conta que o artigo 5 e a disposición derradeira primeira do Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego dispoñen que compete ao titular da Consellería de Vivenda e Solo a determinación da composición do Comité Asesor de Habitabilidade, e en virtude das atribucións que me outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia

#### DISPOÑO:

Artigo un.-Modifícase o artigo 7.1º da Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula a composición e o funcionamento do Comité Asesor de Habitabilidade. Dase unha nova redacción á letra g) e engádesse unha nova letra i) do seguinte teor:

«g) Dous arquitectos de recoñecido prestixio e coñecemento en materia de habitabilidade, designados polo titular da consellería con competencias en materia de vivenda.

i) Un representante do Consello Galego dos Colexios de Aparelladores e Arquitectos técnicos de Galicia».

Artigo dous.-Modifícase o artigo 8.1º da Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula a composición e o funcionamento do Comité Asesor de Habitabilidade que quedará redactado do seguinte teor:

8.1 A Secretaría do Comité Asesor de Habitabilidade será exercida polo/a titular da Xefatura de Sección de Arquitectura e Habitabilidade, que actuará con voz pero sen voto».

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2008.

Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### e) SUBSTITUCIÓNS

#### PRESIDENCIA

*Decreto 258/2008, do 19 de novembro, polo que se encarga o despacho de asuntos da Consellería de Sanidade, durante a ausencia da súa titular, ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.*

Con motivo da ausencia da conselleira de Sanidade é necesario prover a súa substitución.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Durante a ausencia da conselleira de Sanidade, encargásele o despacho de asuntos da citada consellería, desde o día 20 de novembro ata a súa incorporación, ao titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Santiago de Compostela, dezanove de novembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Resolución do 31 de outubro de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nos meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2008.*

Para os efectos previstos no artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración, recollidos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2008 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2008.

Xoán Antón Pérez-Lema López  
Secretario xeral de Relacións Institucionais